



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Marzo 2019

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Marzo 2019

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes redúcese un 2,9% en Galicia en marzo de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que no conxunto de España aumenta un 0,3%.
- Por produtos, as vendas rexistran un descenso do 4,6% en Alimentación e do 2,2% no Resto de produtos.
- En sete comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes descende un 1,5% no mes de marzo de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España aumentan un 1,9%.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 0,3% en Galicia e o 1,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en todas as comunidades autónomas.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 2,9% en Galicia en marzo de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 0,3%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 3,2% respecto a marzo de 2018. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas un 4,6% en Galicia e un 0,8% en España.
- O Resto de produtos rexistra un descenso do 2,2% en Galicia mentres que aumentan o 1,1% no conxunto do Estado.

No primeiro trimestre do ano, o índice xeral diminúe en Galicia un 0,8%, mentres que en España aumenta o 1,2%. As vendas en Alimentación diminúen un 1,8% en Galicia e aumentan un 0,9% en España; as vendas do Resto de produtos redúcense un 0,9% en Galicia e crecen un 1,3% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -1,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En sete comunidades autónomas aumentan as vendas en marzo. O maiores incrementos danse en Madrid (3,8%) e Andalucía (2,1%). Os maiores descensos rexístranse en Cantabria (-3,1%) e Galicia (-2,9%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Marzo 2019

Taxas de variación en %



No que vai de ano, as comunidades autónomas con maiores incrementos son Madrid (2,9%) e Andalucía (2,6%). A taxa máis baixa rexístrase en Extremadura (-1,7%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de marzo de 2019, unha caída do 1,5% en Galicia, fronte ao incremento do 1,9% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 2,3% en Galicia e aumenta un 1,1% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación redúcense un 3,4% e no Resto de produtos un 1,4%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación aumentan un 0,1% e no Resto de produtos un 2,0%.

Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2019

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	101,7	-1,5	0,1
Xeral sen estacións de servizo	100,6	-2,3	-0,3
Alimentación	99,6	-3,4	-0,5
Resto	100,9	-1,4	-0,2

No primeiro trimestre do ano, o índice xeral crece un 0,1% en Galicia, menos que no conxunto de España (2,4%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 0,3% no mes de marzo en Galicia. No conxunto do Estado o crecemento é do 1,0%.

No primeiro trimestre, a ocupación aumenta un 0,5% en Galicia e un 1,1% no conxunto do Estado.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en marzo en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Navarra (1,9%) e Illes Balears (1,5%). Os menores crecementos corresponden a Extremadura (0,2%), e Galicia e Cantabria (ambas as dúas 0,3%).

No acumulado do ano, as taxas varían entre o 2,2% Navarra e o 0,2% de Extremadura.

Índice xeral de ocupación. Marzo 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	101,7	-1,5	0,1	99,8	-2,9	-0,8
Xeral sen estacións de servizo	100,6	-2,3	-0,3	99,4	-3,2	-1,2
Alimentación	99,6	-3,4	-0,5	94,9	-4,6	-1,8
Resto	100,9	-1,4	-0,2	102,7	-2,2	-0,9
España						
Xeral	105,0	1,9	2,4	103,0	0,3	1,2
Xeral sen estacións de servizo	103,8	1,1	2,0	102,7	0,3	1,2
Alimentación	107,9	0,1	2,0	103,1	-0,8	0,9
Resto	100,7	2,0	2,1	102,4	1,1	1,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	108,4	-0,1	0,8	105,0	-1,5	-0,3
Xeral sen estacións de servizo	107,6	-0,7	0,3	105,0	-1,7	-0,7
Alimentación	103,4	-0,7	0,6	97,7	-3,0	-1,2
Resto	110,5	-0,1	0,5	109,5	-1,2	-0,4
España						
Xeral	110,6	3,1	2,6	107,3	1,7	1,4
Xeral sen estacións de servizo	109,9	2,4	2,2	107,5	1,6	1,4
Alimentación	109,9	2,7	2,4	104,8	1,6	1,3
Resto	109,7	2,4	2,0	109,2	1,6	1,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,0	1,9	2,4	103,0	0,3	1,2
Andalucía	104,5	3,3	3,4	103,0	2,1	2,6
Aragón	105,2	0,1	1,4	103,5	-1,3	0,3
Asturias	100,8	-0,7	0,0	99,4	-2,3	-1,1
Balears, Illes	99,2	2,3	3,3	97,7	0,9	2,3
Canarias	109,2	1,0	1,8	107,5	-0,3	0,6
Cantabria	95,7	-1,4	0,2	93,5	-3,1	-1,1
Castilla y León	100,8	1,2	2,0	98,6	-0,8	0,5
Castilla-La Mancha	106,6	2,2	2,8	104,2	0,5	1,7
Cataluña	102,4	1,1	1,8	99,2	-0,6	0,5
Comunitat Valenciana	102,2	-1,1	1,2	101,4	-2,4	0,3
Extremadura	97,0	-0,9	-0,9	96,1	-2,0	-1,7
GALICIA	101,7	-1,5	0,1	99,8	-2,9	-0,8
Madrid	114,3	6,0	4,5	111,7	3,8	2,9
Murcia, Región de	105,7	1,8	2,9	104,8	0,8	2,3
Navarra	106,0	2,5	3,0	103,6	0,3	1,2
País Vasco	105,7	2,7	2,4	103,2	0,9	1,1
Rioja, La	105,8	1,7	1,6	104,1	-0,3	0,0
Ceuta	93,9	-1,9	-0,8	92,2	-3,2	-1,7
Melilla	101,5	-0,4	1,1	100,5	-0,8	1,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,0	0,3	0,5
Xeral sen estacións de servizo	101,7	0,2	0,5
España			
Xeral	103,3	1,0	1,1
Xeral sen estacións de servizo	103,3	0,9	1,1

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,3	1,0	1,1
Andalucía	100,8	0,7	0,8
Aragón	103,2	1,0	1,2
Asturias	105,8	0,4	0,6
Balears, Illes	106,0	1,5	1,8
Canarias	108,2	1,3	1,3
Cantabria	101,0	0,3	0,7
Castilla y León	102,7	1,4	1,4
Castilla-La Mancha	101,4	0,8	0,9
Cataluña	102,1	0,9	1,2
Comunitat Valenciana	105,9	1,4	1,4
Extremadura	101,4	0,2	0,2
GALICIA	102,0	0,3	0,5
Madrid	104,7	1,0	1,2
Murcia	104,0	0,6	1,2
Navarra	103,3	1,9	2,2
País Vasco	103,0	1,3	1,4
Rioja, La	103,6	0,5	0,5
Ceuta	101,3	0,7	0,3
Melilla	104,4	1,0	1,0

Fonte: INE